

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 3 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se fai pública a convocatoria e a orde do día da reunión do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

En cumprimento do establecido no artigo 4 do Decreto 4/1987, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, modificado polo Decreto 195/1991, do 30 de maio, coa conformidade do presidente da Xunta de Galicia,

DISPOÑO:

A publicación da convocatoria e a orde do día da preceptiva sesión do Pleno do Consello de Comunidades Galegas, que terá lugar os días 7 e 8 de decembro de 2009 no Hotel Radisson Victoria Plaza, 759, Plaza de la Independencia s/n, Montevideo, República Oriental do Uruguai.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2009.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

ANEXO

Orde do día da convocatoria da sesión do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas, que terá lugar os días 7 e 8 de decembro de 2009 no Hotel Radisson Victoria Plaza, 759, Plaza de la Independencia s/n, Montevideo, República Oriental do Uruguai.

1. Constitución do Pleno e apertura das sesións.
2. Exposición das liñas de actuación da Secretaría Xeral da Emigración.
3. Exposición dos textos dos relatorios establecidos pola Comisión Delegada na súa última reunión.
4. Estudo de relatorios e comunicacións presentados en comisións de traballo e preparación de conclusións.
5. Elección dos membros da Comisión Delegada para o trienio 2010-2012.
6. Sesión plenaria con lectura de conclusións definitivas, rolda de intervencións libres, proclamación de membros da Comisión Delegada e clausura de actos do Pleno.

CONSELLERÍA DE FACENDA

Decreto 381/2009, do 27 de agosto, polo que se afectan terreos sitos no recinto do Parque Tecnolóxico de Galicia (Ourense), para usos relacionados co Servizo Público de Estradas.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a titularidade das parcelas do Parque Tecnolóxico de Galicia, situado no termo municipal de San Cibrao das Viñas (Ourense), en virtude das escrituras públicas de compravenda e de agrupación e segregación outorgadas ante o notario de Ourense, José Luis Fernández Álvarez, o 15 de marzo de 1989, o 27 de decembro de 1990 e o 12 de febreiro de 1992, cos números de protocolo 807, 452 e 26 respectivamente.

O Servizo Provincial de Estradas de Ourense comunica ao Parque Tecnolóxico de Galicia a necesidade de 1.146 m² no predio nº 1 por mor das obras de acondicionamento da estrada OU-101, treito: acceso Parque Tecnolóxico-Maceda. A Consellería de Economía e Industria emite informe favorable sobre a nova afectación ao Servizo Público de Estradas pola obra de acondicionamento sinalada.

A incoación do expediente de afectación tramitou-se segundo o disposto nos artigos 9 da Lei 3/1985, do 12 de abril, e 10 a 14 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu regulamento.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Facenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e sete de agosto de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acórdase a afectación, a favor do Servizo Público de Estradas, de 1.146 m² de terreo sito no predio 00000001, polígono 22 de San Cibrao das Viñas (Ourense), e que estrema ao norte con estrada; ao sur con estrada; ao leste con camiño e ao oeste con estrada.

Artigo 2º

Os ditos terreos quedarán adscritos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, á cal lle corresponderán as facultades de administración, xestión e conservación.

Disposición derradeira

A Consellería de Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a cabo todos os trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, vinte e sete de agosto de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda